

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido a alumnos de ESO, BACHARELATO e CICLOS que estean matriculados no presente curso en centros de NARÓN E VALDOVIÑO.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática que poderá levar fotos, vídeos, música, etc e que se presentará na secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS” ou se enviará por correo ordinario en formato CD ou DVD ó seguinte enderezo: IES “TERRA DE TRASANCOS”, AS CHOUSAS s/n, 15570 NARÓN.

Cada un dos traballos presentados deberá estar acompañado por un certificado de matrícula nun centro de Narón ou Valdoviño.

Valorarase o contido medioambiental e os aspectos tecnolóxicos e plásticos.

Unha vez entregado o traballo os dereitos do mesmo pasarán ao IES “Terra de Trasancos” e poderá facerse uso público do mesmo como se estime oportuno.

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos presentaranse antes do día 1 de Abril de 2008.

PREMIOS:

Haberá dous premios divididos en dúas categorías:

1 premio para alumnos de ESO dotado con 150 EUROS en material informático ou audiovisual (cds, películas, etc).

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con 150 EUROS en material informático ou audiovisual(cds, películas, etc).

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día 3 de Abril e publicárase no taboleiro do centro e na páxina web : www.trasancos.net. A Entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo o día 4 de Abril do 2008 ás 12.10 na sala de usos múltiples do centro.

XURADO:

Estará constituído por: A Vicedirectora, Xefe de Departamento de Plástica, o Coordinador das TIC, Xefe de Departamento de Física e Química e o Xefe de Departamento de Ciencias.

O fallo será inapelable podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.